

Alumiño de esperanza

LIX Versos que convidan ás crianzas a enredar e gozar con novas formas de dicir poético



Ilustración de *O meu gato é un poeta* // Xerais

Nova achega poética do polifacético escritor vigués que supón a maduración dunha voz tan orixinal coma a súa no difícil xénero da boa poesía infantil, esa que foxe dos ripios e do estilo moralizante ou mexeriqueiro e aposta

pola imaxinación e os intelixentes xogos de palabras e imaxes, convidando aos máis novos a rir e a xogar. *O meu gato é un poeta* está formado por pequenas creacións que míanan laios contra a poesía grandilocuente e vacua ou o egoísmo,

violencia e agresividade dun mundo sen poesía, e rosma alumiños de esperanza ante a posibilidade dun mundo máis xusto se está habitado pola poesía cuxo poder, sempre invisible e pouco efectivo, é tan necesario como indispensable.

O libro, igual que outro dos seus poemarios anteriores (referímonos ao xuvenil *Cidades*, sen dúbida un dos mellores libros de poemas para rapaces que se teñen publicado en Galicia, premio Rañolas ao mellor libro infantil e xuvenil do ano en 1997 e accésit do Premio Lazarillo), é o resultado dunha viaxe á infancia, para reencontrar o neno que aflora no home que hoxe é Fran Alonso. Ese viaxeiro marcado pola experiencia de aprehender o outro, deixando constancia en ambos os libros da derrota saudosa daquel *eu* que, en *Cidades*, se perdeu en “territorios de mar, con cheiro a sal” e que agora se transforma en doméstico felino que desautomatiza o sentido primario das palabras para dar conta da necesidade da palabra estética ao servizo dos máis novos.

A obra caracterízase pola combinación intelixente de humor e ludismo cunha proposta minimalista onde o verbal e o icónico converxen nunha forma de síntese. Poesía para ser vista e recitada, reinterpretada e xogada, reinventada e recreada, xa que todos os elementos teñen esa función, véxase a tipografía, a organización da cor, a disposición dos espazos, o estrato fonético, sinéctico, sonoro e rítmico, recursos todos tomados da linguaxe publicitaria así como as recorrencias, a utilización da arquitectura das grafías ou a creación de palíndromos e caligramas, que acusan influencias do surrea-

lismo, do simbolismo e dun certo dadaísmo *naïf*, moi axeitados para este tramo de idade, porque salientan a palabra como un valor eminentemente plástico, afastado do poder semántico que sempre se lle atribúe, sendo neste rexistro experimental onde o poeta atopa a súa verdadeira posición ética.

A pesar da aparente naturalidade dos versos, hai un esmerado e difícil traballo de precisión deste complexo sistema semiótico que xera significados superpostos, partindo de imaxes e metáforas que se desvisten da súa roupaxe retórica para indagar os límites da linguaxe e da imaxinación renovando deste xeito o canon da boa poesía para nenos. Son, sen dúbida, novas formas de dicir poético que implican a participación activa do receptor con ocas textuais que este debe encher. O libro complétase con enlaces web de ciberpoesía ou poesía electrónica con recursos paratextuais que enriquecen esta proposta de poesía en liberdade que agroma directamente do corazón dun gato sentimental e doméstico que invoca cos seus versos a difícil arte do xogo infantil.

// **Ánxela Gracián**

O meu gato é un poeta ·
Fran Alonso ·
Xerais, 2011 ·
72 páx · 12 euros

